



# BOP

MÉRCORES, 23 DE SETEMBRO DE 2020 N.º 219

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

**Resolución do 3 de setembro de 2020, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo, pola que se anuncia convocatoria para o levantamento das actas previas á ocupación dos predios afectados pola instalación eléctrica "Parque eólico experimental NED 1ª fase (200 KV) e da súa liña eléctrica de evacuación (20kW), sito no concello da Pastoriza (Lugo) e promovido por Norvento Tecnología S.L.**

Por resolución do 26 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, outórganse as autorizacións administrativas previa e de construción e declárase a utilidade pública do parque eólico experimental NED 1ª fase (200KW) e da súa liña eléctrica de evacuación (20 KW) emprazado nos concello da Pastoriza, desta provincia, promovido pola sociedade Norvento Tecnología, S.L. (DOG núm. 122, do 22 de xuño de 2020).

Esta declaración de utilidade pública, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 24/2013, de 26 de decembro do sector eléctrico, leva implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954 de Expropiación Forzosa.

Por razón do exposto, esta Xefatura Territorial, en cumprimento do disposto no devandito artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados, cos que non se chegou a un acordo e que se relacionan no anexo, para que comparezan o **vindeiro 27 de outubro no concello da Pastoriza a partir das 10:00 a.m.**, como punto de xuntanza para, levar a cabo o levantamento de actas previas á ocupación.

Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podendo acompañarse dos seus peritos e un notario, se o estiman oportuno, cos gastos pola súa conta .

Así mesmo, advírtese a todos os interesados afectados que poderán formular alegacións por escrito nesta Xefatura Territorial (Rolda da Muralla 70, 27071 Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de rectificar posibles erros na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de Expropiación Forzosa).

Desta convocatoria darase traslado a cada interesado mediante a oportuna citación individual, na que se sinalará día e hora para o levantamento de actas previas. Esta publicación realízase igualmente, para os efectos que determina o art.44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos ou se ignore o lugar de notificación.

No expediente expropiatorio Norvento Tecnología, S.L, asumirá a condición de beneficiaria.

Lugo, 3 de setembro de 2020.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

**ANEXO: Relación de bens e dereitos afectados polo parque eólico experimental Ned 1ª Fase (200 Kw) e a súa LAT de evacuación (20 Kv)**

Concello de A Pastoriza																		
Nº	Propietario	Parcela						Afeccións Parque eólico			Afeccións LAT de evacuación							
		Datos Catastrais			Paraxe	Cultivo	Part.	Pleno dominio	Servidumes		Pleno dominio		Servidumes			OC. Temporal		
		Zona	Polig.	Parc.				Zap. / Plat.	Paso	Voo	Apoio	Voo	Paso (Gabia)		Paso (Vieiro)			
		Apellidos Nome	e					Superficie (m²)	Superficie (m²)	Superficie (m²)	Nº	Superficie (m²)	Lonxitude (m)	Superficie (m²)	Lonxitude (m)	Superficie (m²)	Superficie (m²)	Superficie (m²)
3	Manuel Calaza Cabanas	7	40	20	Sande	Eucaliptus	1/4						49					
	María Isabel Calaza Cabanas						1/4											
	Carlos Alberto Calaza Cabanas						1/4											
	Ana Calaza Cabanas						1/4											
21	Carlos Gonzalez Reigosa	7	2	38	Chousa	Prado	1					6	107					
26	Carlos Gonzalez Reigosa	5	4	8	Fercios	Eucaliptus	1						111	1.613				
27	Ana Veiga Edrosa	5	4	9	Fercios	Eucaliptus	1			12	2	73	940					
28	José Mel Redondo	5	4	10	Fercios	Prado	1			13(1/2)	1	133	2.245					
31	José Mel Redondo	5	4	13	Fercios	Matogueira	1					73	2.132					
32	Manuel Nieto Lopez	5	4	14	Fraga	Eucaliptus	1/2						101	1.563				
	María de los Angeles Seco Reigosa						1/2			14	2							
35	José Mel Redondo	5	4	39	Pereiros	Prado	1			15(1/2)	1	84	967					
36	José Mel Redondo	5	4	40	Pereiros	Prado	1			16	2	53	532					
37	José Mel Redondo	5	3	151	Pereiros	Prado	1			17	17	80	705	11	38			
Arrendatarios																		
3	ENCE Energía Celulosa S.A.	7	40	20	Sande	Eucaliptus							49					

R. 2166

*Anuncio*

**Pagamento do prezo xusto pola ocupación de bens e dereitos afectados pola execución do proxecto denominado: “L.A.T. 132 kV Sub. P.E. Carracedo - Apoio Nº 16 L.A.T. 132 kV AP. Nº 35 L.A.T. Sub. Mondoñedo-Sub. Meira a Sub. P.E. Farrapa I, Farrapa II, Neda”**

Comunícase a todos os interesados no expediente, no que se sigue o procedemento expropiatorio da instalación de referencia, que o día **10 de novembro de 2020** convócaselles ao pagamento na Casa do Concello da Pastoriza segundo a resolución ditada polo Xurado de Expropiación de Galicia dos seguintes predios coas referencias catastrais:

CONCELLO	ZONA	POLÍGONO	PARCELA
A Pastoriza	12	1	16
A Pastoriza	5	7	34
A Pastoriza	56	1	93
A Pastoriza	6	1	56
A Pastoriza	6	2	10051
A Pastoriza	6	2	41

Cómpre advertir aos propietarios das fincas afectadas, que serán notificados individualmente, que os pagos realizaranse nas condicións que establecen os artigos 48 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de Decembro de 1954 e 48, 49 e 50 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957.

Lugo, 10 de setembro de 2020.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 2167

## CONCELLOS

### BÓVEDA

#### *Anuncio*

Mediante Resolución de Alcaldía nº 2020-466, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección dun posto de **Auxiliar Administrativo**, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de doce (12) meses.

Segundo o disposto na base cuarta (4ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09:30 / 13:30 horas-, durante o prazo de **cinco (5) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Igualmente, as instancias poderán rexistrarse no Rexistro Electrónico Xeneral do Concello de Bóveda (<https://concellodeboveda.sedelectronica.es>) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As citadas bases publicaranse na sede electrónica deste Concello <https://concellodeboveda.sedelectronica.es> (taboleiro de anuncios) e no taboleiro de anuncios físico do Concello, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de atención ao público.

Bóveda, 18 de setembro do 2020. O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 2183

## BURELA

#### *Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía nº 2020-0549 de data 31/08/2020 apróbese a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión temporal mediante contrato de interinidade de 2 prazas vacantes de Oficial de Primeira-Albanelería:

**“BASES PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL NA MODALIDADE DE CONTRATO DE INTERINIDADE DE DÚAS PRAZAS DE OFICIAL DE PRIMEIRA DE ALBANELERÍA PARA A ÁREA DE MANTENIMENTO E SERVIZOS, UNIDADE DE OBRAS, DO CONCELLO DE BURELA.-**

#### **1.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección para a cobertura de dúas prazas de Oficial de primeira- albaneis para a Area de Mantemento e Servizos, Unidade de obras vacantes por xubilación dos titulares das mesmas , a contratar temporalmente na modalidade de contrato laboral de

interinidade recollida no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como no artigo 4.2 b) do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

A relación laboral de interinidade estenderase dende a sinatura do contrato ata a cobertura definitiva da praza ou cando por causas sobrevenidas a mesma sexa amortizada ou por supresión do servizo, sen que de acordo co disposto entre outras, na Sentenza do Tribunal Supremo (Sala 4ª do Social) de 10 de outubro de 2014, recaída no recurso de casación para a unificación de doutrina número 723/2013 dito proceso de cobertura poda superar os tres anos.

A xornada semanal será de 37,5 horas á semana.

Funcións do posto:

- Funcións de albanel, etc. en dependencia do encargado correspondente.
- Tarefas de mantemento e conservación (albanelería,carpintería, pintura..) das instalacións municipais e mobiliario público baixo supervisión
- Bacheado de camiños baixo supervisión
- Reformas e pequenas construcións municipais baixo supervisión
- Apertura e peche do cemiterio
- Mantemento do cemiterio, e instalacións, incluíndo traballos de albanelería, e pequenas construcións
- Enterros e labores anexas
- Mantemento do libro de policía sanitaria
- Manexo de maquinaria e vehículos necesarios para as súas labores
- Nos colexios públicos: Tarefas de mantemento
- Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico.

As retribucións a percibir serán as establecidas no Convenio Colectivo do persoal laboral deste Concello para postos de igual categoría (grupo E; nivel de complemento de destino 14). Complemento específico: 137,39 euros brutos mensuais.

A convocatoria, bases e anexos publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>) e no taboleiro de anuncios do Concello de Burela.

As bases íntegras estarán así mesmo a disposición dos/das interesados no Rexistro Xeral do Concello.

Toda a documentación que se publique con posterioridade a convocatoria, bases e anexos serán obxecto de publicidade mediante o correspondente anuncio no taboleiro de edictos sito na casa consistorial e no taboleiro de anuncios dixital, exclusivamente. O acceso ao taboleiro de anuncios dixital realizase a través da sede electrónica do Concello de Burela (<http://burela.sedelectronica.es>).

## 2.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión de certificado de escolaridade ou título equivalente ou superior. No caso de alegar equivalencias de títulos achegarse o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán ter o documento que acredite fehacientemente a súa homologación.

d) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do posto.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

g) Estar en posesión de permiso de conducir tipo B.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos/das aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do/da interesado/a, o tribunal deberá propor ao alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Así mesmo o Tribunal ten a facultade de poder excluír do procedemento selectivo a aquel/aquela aspirante que leve a cabo calquera actuación de tipo fraudulento na realización dos exercicios que integran o proceso.

Tódolos requisitos citados deberán reunirse con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

### 3.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

**3.1. Forma de presentación.** Os/as interesados/as que desexen participar no proceso selectivo dirixirán as solicitudes ao Sr. Alcalde do Concello de Burela no modelo oficial que se publica como Anexo II destas bases e que tamén se facilitará no Rexistro Xeral do Concello de Burela, publicándose así mesmo na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>).

Os/as aspirantes indicarán, no apartado sinalado na solicitude, si están afectados por unha minusvalía nun grado igual ou superior ao 33 por 100, e si precisan dalgunha adaptación ou previsión específica para o desenvolvemento das actuacións previstas no procedemento.

**3.2. Prazo de presentación.** O prazo de presentación será de **10 días naturais** contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP). Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

**3.3. Lugar de presentación.** A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral do Concello de Burela en horario presencial de de 9,00 a 14,00 horas ou mediante rexistro telemático as 24 horas.

As solicitudes poderán presentarse igualmente a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado do Servizo de Correos.

Non obstante, de cara a axilización do proceso, os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 deberán poñelo en coñecemento da entidade mediante fax (982585945) ou mediante correo electrónico ([controldexestion@burela.org](mailto:controldexestion@burela.org)) enviando copia selada da mesma antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes.

**3.4. Cumprimentación.** A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos/as aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen.

### 4.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑARSE NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

#### 4.1.- FOTOCOPIA DO DNI OU PASAPORTE.

Os/as aspirantes estranxeiros/as deberán presentar os documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgúns dos Estados aos cales, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

#### a) 4.2.- FOTOCOPIA DO TÍTULO ACADÉMICO ESIXIDO E DO PERMISO DE CONDUCIR.

Presentarase copia do título académico esixido e do permiso de conducir clase “B”.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación.

#### 4.3.- ACREDITACIÓN DE ESTAR EN POSESIÓN DO NIVEL DE IDIOMA GALEGO ESIXIDO: CELGA 1

No suposto de que non se acredite o nivel do idioma galego esixido o/a aspirante deberá realizar obrigatoriamente a proba de coñecemento da lingua galega, na que se valorará como apto ou non apto e resultará excluínte.

#### 4.4.- FOTOCOPIA DA ACREDITACIÓN DO GRADO DE DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33, EXPEDIDO POR ORGANISMO COMPETENTE.

Esta acreditación deberá presentarse cando se solicite a adaptación de probas.

#### 4.5- MÉRITOS DEBIDAMENTE ACREDITADOS PARA A FASE DE CONCURSO.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais debidamente compulsadas dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca. Así mesmo os/as aspirantes poderán presentar como

documentación acreditativa dos méritos copia auténtica dos documentos orixinais, que deberán cumprir cos requisitos establecidos no artigo 27 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, permitindo a verificación que permita contrastar a autenticidade da referida copia.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá emendarse. Tampouco se requirirá aos/ás interesados/as para que os acrediten.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

## 5.- LISTA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS.

**5.1. Lista provisional.** Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as (neste caso con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello, exclusivamente.

Ademais, en dita resolución fixaranse os titulares e os suplentes que conformarán o Tribunal Cualificador, así como o lugar, data e hora de comezo do primeiro exercicio das probas selectivas.

**5.2. Prazo de alegacións e subsanación de documentación referente á exclusión.** Concederase un prazo improrrogable de 8 días naturais a contar dende o seguinte ao da publicación da lista provisional no taboleiro de anuncios dixital para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos. Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

As alegacións deberán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015. De cara a axilización do proceso, a presentación de reclamacións/alegacións por calquera outro medio distinto ao de presentación no Rexistro Xeral do Concello de Burela, deberá comunicarse mediante fax (982585945) ou mediante correo electrónico ([controldexestion@burela.org](mailto:controldexestion@burela.org)) dentro do prazo sinalado anteriormente.

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento dos interesados, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

**5.3. Lista definitiva.** As reclamacións/alegacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional.

Para os efectos de axilizar o procedemento, de non presentarse reclamacións dentro do prazo establecido ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, a resolución de admitidos/as e excluídos/as poderase entender elevada a definitiva, sen necesidade de nova publicación. No caso de non existir excluídos a lista provisional ditarase con carácter de definitiva.

Figurar na relación de admitidos non suporá que se lles recoñeza aos/ás aspirantes estar en posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan. Cando da documentación que debe presentarse logo de ter superado o procedemento de selección se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en tódolos dereitos que se puidesen derivar da súa participación no procedemento de selección.

## 6.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

### 6.1. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.

O Tribunal de selección estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes podendo actuar indistintamente titulares e suplentes. Actuará de secretario un dos vogais.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constitúan o Tribunal cualificador realizarase por Decreto da Alcaldía, debendo todos os membros pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para cuxo ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Na composición do Tribunal de selección tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais de selección as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos, persoal laboral temporal e o persoal eventual nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da

convocatoria realízen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

Todos os membros do Tribunal actuarán con voz e con voto. O secretario/a, redactará a acta de cada sesión que se celebre.

A Resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa designación dos membros do Tribunal que incluírá os seus respectivos suplentes, farase pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

O Tribunal de selección deberá axustar a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como a normativa en materia de acceso ao emprego público.

## **6.2. INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN.**

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas nas que consideren conveniente oír a opinión de técnicos especialistas, así como de colaboradores en tarefas de apoio no desenvolvemento do sistema selectivo.

No suposto de incorporarse asesores, estes só terán voz.

## **6.3. Abstención e recusación.**

Os membros do Tribunal de selección deberán absteranse de intervir, comunicándollos ao órgano convocante, cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O Presidente poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

## **6.4. Actuación do Tribunal.**

O Tribunal de selección constituirase na data que designe a Alcaldía, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, coa presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A partir da sesión de constitución, o Tribunal de selección, para actuar validamente, requirirá que estean presentes a maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e ás bases reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal de selección resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan producir durante a realización do sistema selectivo, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde en todo o que non estea previsto nas bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, xa citada.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

## **6.5. Pagamento de asistencias e gastos de desprazamento dos membros do Tribunal, asesores e colaboradores.**

Os membros do Tribunal de selección, así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás distintas sesións, a percibir as axudas de custo por asistencia na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións vixentes na data da realización das probas.

Así mesmo, os membros do Tribunal que teñan que desprazarse dende outro termo municipal terán dereito a percibir as correspondentes axudas de custo por gastos de locomoción e manutención, conforme determina a normativa anteriormente citada, podendo efectuar os mencionados desprazamentos en vehículo propio.

## **7.- SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.**

Os/as aspirantes serán convocados para cada un dos exercicios en chamamento único, sendo excluídos/as da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non se podan realizar conxuntamente será alfabético (A-Z).

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización dos exercicios provistos/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, que deberán ser en todo caso orixinais. De non acudir provisto de dito documento non poderá participar na proba selectiva, quedando decaídos de tódolos seus dereitos e excluído do proceso selectivo.

Durante o tempo fixado para a realización dos exercicios, non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, ordenadores ou outros, nin ningún tipo de material de apoio que non estea expresamente autorizado para os exercicios en que resulte necesario; o incumprimento suporá a expulsión do procedemento de selección por parte do Tribunal Cualificador.

Co fin de respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer o acceso ao emprego público, o tribunal deberá cualificar os exercicios dos aspirantes de acordo cos criterios de corrección e os baremos de puntuación establecidos nesta convocatoria.

O Tribunal, polos medios que considere oportunos, velará polo mantemento do anonimato dos/as aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos.

**7.1. FASE DE OPOSICIÓN.** Constará das seguintes probas:

**7.1.1.- Proba de coñecementos xerais e específicos:** Obrigatoria e eliminatoria. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 50 preguntas, con tres respostas alternativas das que só unha será a correcta, sobre o contido do programa especificado na convocatoria (anexo I). O tempo máximo para realizar este exercicio será de corenta e cinco minutos.

Cada resposta acertada puntuarase con 0,20 puntos; e por cada dúas preguntas contestadas de forma errónea descontarase unha pregunta contestada de forma correcta. As preguntas sen contestar ou contestadas en máis dunha das alternativas non contabilízanse.

Esta proba será cualificada de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos para ter a condición de apto e poder realizar a seguinte proba.

**7.1.2.- Proba práctica:** Obrigatoria e eliminatoria. Será cualificada de 0 a 20 puntos e consistirá na realización de dous supostos prácticos propostos polo Tribunal, inmediatamente antes do seu inicio e concernentes ás funcións da categoría e posto de traballo, nun tempo máximo de dúas horas. Cada suposto práctico puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 5 puntos en cada un para superalos.

Se o Tribunal o estima poderá dialogar sobre as materias obxecto desta proba e pedir as aclaracións oportunas aos/ás aspirantes cando o considere preciso.

**7.1.3.- Proba de galego.**

Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego proposto polo Tribunal.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase de apto ou non apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír dentro do prazo de presentación de solicitudes o Celga 1, equivalente ou superior.

**7.2. FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS.**

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirantes que superasen tódalas probas.

Consistirá na valoración dos méritos aportados e debidamente xustificados polos aspirantes.

Esta fase puntuarase de 0 a 10 puntos.

Non terá carácter eliminatorio e nela valorarase o seguinte:

**7.2.1. Experiencia: ata un máximo de 4 puntos**

a) Por cada mes completo de servizos prestados en calquera das Administracións Públicas en posto de traballo coa categoría profesional de oficial de primeira ou segunda realizando funcións na área de albanería acreditado mediante a correspondente certificación expedida polo organismo oficial no que se prestaron ou contrato de traballo inscrito no Servizo Público de Emprego ao que deberá achegarse certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificado de empresa: 0,10 puntos, ata un máximo de 2 puntos.

b) Por cada mes completo de servizos prestados en calquera das Administracións Públicas en posto de traballo coa categoría profesional de peón ou oficial terceira realizando funcións na área de albanería acreditado mediante a correspondente certificación expedida polo organismo oficial no que se prestaron ou contrato de traballo inscrito no Servizo Público de Emprego ao que deberá achegarse certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificado de empresa: 0,10 puntos, ata un máximo de 1 punto.



c) Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas en postos de Oficial/Peón realizando funcións na área de albanería acreditado mediante presentación de contrato de traballo inscrito no Servizo público de Emprego ou alta no IAE en actividades de albanería ou construción máis certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificado de empresa: 0,15 puntos ata un máximo de 1 punto.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais, contados dende o inicio de cada contrato ata a súa data de finalización. O computo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados na certificación de servizos prestados ou no informe de vida laboral.

#### **7.2.2. Formación académica, ata un máximo de 1 punto.**

Por estar en posesión de calquera titulación académica oficial de superior nivel ao esixido para o desempeño do posto, con exclusión da presentada como necesaria para acceder a este proceso: 0,50 por título, cun máximo de 1 punto.

#### **7.2.3. Formación complementaria, ata un máximo de 2 puntos**

Por cursos que versen sobre materias relativas ó posto de traballo, concederáse ata un máximo de 2 puntos con arranxo á seguinte escala:

- De máis de 100 horas: 1 punto.
- De 71 a 100 horas: 0,75 puntos.
- De 21 a 70 horas: 0,50 puntos.
- De 10 a 20 horas: 0,25 puntos.

Non se valorarán os cursos de menos de 10 horas nin a asistencia a xornadas e congresos.

So se terán en conta os cursos realizados ata a data de remate do prazo de presentación de instancias, polo que non serán obxecto de valoración aqueles cursos que non teñan rematado en dita data.

Acreditaranse mediante copia compulsada do correspondente diploma no que debe constar a duración do curso en horas e como mínimo o título do mesmo, ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto, non serán puntuados

#### **7.2.4. Estar en posesión do permiso de conducir da categoría C: 1 punto.**

#### **7.2.5 Cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente. Ata un máximo de 0,50 puntos.**

- Celga 2 ou equivalente: 0.10 puntos.
- Celga 3, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de Idiomas: 0,25 puntos.
- Celga 4, Curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º e 2º e 3º curso da escola oficial de idiomas; 0,50 puntos.

Neste apartado non poderán acumularse as puntuacións polos distintos cursos, puntuándose, en consecuencia, polo curso de nivel superior.

#### **7.2.6. Cursos de prevención de riscos laborais. Ata un máximo de 1,50 puntos.**

- Ata 50 horas (equivalente o curso "on line" de 60 h): 0,10 puntos
- de 51 a 300 horas: 0,25 puntos
- máis de 300 horas: 0,50 puntos

Ningún mérito poderase utilizar para puntuar en máis dun apartado.

### **8.- CITACIÓNS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS**

Na mesma resolución pola que se aprobe a lista de aspirantes admitidos e excluídos e se faga pública a constitución do Tribunal Cualificador, sinalarase o lugar, data e hora para o inicio do proceso selectivo.

A citación ao Tribunal e aos/as aspirantes para a realización da primeira proba da fase de oposición publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello cunha antelación de 48 horas á hora fixada para iniciarse. Motivado na urxencia da incorporación dos efectivos, para a realización do resto das probas non se terá en conta a mencionada antelación de 48 horas.

Os resultados das probas e do concurso de méritos publicaranse así mesmo na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Concederáse un prazo de 5 días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán dende o día seguinte ao da publicación na sede electrónica do Concello das puntuacións dos correspondentes exercicios.

#### 9.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e de concurso, sempre que se teña alcanzada na fase de oposición a puntuación mínima necesaria para considerala superada, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados/as.

No suposto de empate nas puntuacións finais de dous/dúas ou máis aspirantes do proceso selectivo, establécese a seguinte orde de prioridade:

1º - A nota máis alta na proba práctica da fase de oposición.

2º - A nota máis alta na proba de coñecementos xerais e específicos da fase de oposición.

De manterse o empate, acudirase á puntuación obtida nos apartados da fase de concurso, resolvéndose o empate a favor do/a aspirante que acadase maior puntuación no apartado de experiencia, seguido do apartado de formación académica e do apartado de formación complementaria. De persistir o empate, este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos/as interesados/as.

#### 10.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E LISTAXE DE RESERVA

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello a relación dos/das aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación, con especificación da mesma, e elevará ao Alcalde-Presidente do Concello a correspondente proposta de contratación a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación máis alta, sen que poidan ser propostos mais aspirantes que postos a cubrir.

As propostas de selección que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

A proposta publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

O Tribunal establecerá unha lista de reserva cos/coas aspirantes que teñan superado o proceso e por rigoroso orde de puntuación, para cubrir as vacantes que se poidan producir antes da sinatura ou durante o prazo de duración do contrato.

Os aspirantes que resulten incluídos na lista de reserva non ostentarán dereito subxectivo algún, salvo a orde de prioridade no chamamento que poida efectuar o Concello.

O funcionamento da listaxe de reserva será o seguinte:

a) Usarase sempre tendo en conta a orden da puntuación obtida na cualificación final.

b) De ser necesario acudir á listaxe, remitirase notificación polos medios previstos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común outorgándose un prazo de 48 horas para que o candidato/a formalice a renuncia ou a aceptación a contratación ofertada. De non aceptar expresamente no prazo sinalado entenderase que renuncia e procederase ao chamamento do seguinte da lista. Así mesmo, coa finalidade de acurtar os prazos remitirase correo electrónico e tentarase comunicar por teléfono co interesado/a. A imposibilidade de localización ou a negativa a recoller a comunicación efectuada equivalerá á renuncia ao ofertado e procederase a chamar ao seguinte da lista.

Os/as aspirantes poderán actualizar os seus datos de contacto durante a vixencia da listaxe de reserva.

En caso de aceptación, o/a aspirante á contratación terá que aportar a documentación á que se refire a cláusula 11ª no prazo de cinco días naturais a partir da notificación do chamamento.

e) O rexeitamento dos/das aspirantes a un eventual contrato cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

- O primeiro rexeitamento inxustifico implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada.

- O segundo rexeitamento inxustifico implicará a expulsión definitiva da listaxe de reserva.

Son causas xustificadas para rexeitar o chamamento as seguintes:

- Atoparse en situación de incapacidade temporal

- Parto, permiso de maternidade, paternidade, risco para o embarazo, adopción ou situación similar.

- Falecemento, accidente ou enfermidade grave de familiar ate o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, durante o período de duración do permiso ou licenza.

- Ter unha relación laboral ou funcional vixente

- Outras causas análogas debidamente xustificadas previa toma en consideración e análise polo órgano competente para resolver.

En todos os casos, a causa do rexeitamento xustificada deberá quedar acreditada no expediente. A persoa aspirante que estea incurso en causa de rexeitamento xustificada deberá comunicar ao Concello a finalización da causa de suspensión.

Nestes casos, manterase aos/ás candidatos/as no lugar ocupado orixinariamente na bolsa a efectos de ser chamada cando proceda.

f) Quedarán excluídas da listaxe con carácter definitivo, as persoas que :

- a) Renuncien expresamente a formar parte da mesma
- b) Non presenten en prazo a documentación requirida para a formalización do nomeamento ao ter incorrido en falsidade nos datos declarados na instancia.
- c) Non se incorporen ao posto de traballo
- d) Renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo, unha vez que foi contratado/a
- e) As persoas que estando contratadas en virtude desta listaxe cesaran no seu posto de traballo por motivos disciplinarios.

A lista de reserva elaborada estará vixente ata a cobertura definitiva da praza ou cando por causas sobrevenidas a mesma sexa amortizada ou por supresión do servizo e, en todo caso, polo período máximo de tres anos, momento a partir do cal esta lista deixaría de ter vixencia.

## 11- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

### 11.1. Documentación que deberán acreditar os/as aspirantes propostos para ocupar as prazas:

No prazo de 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta de selección na forma sinalada na base 10ª (prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade), os/as aspirantes propostos/as presentarán con anterioridade á sinatura do contrato a documentación acreditativa dos requisitos expresados na Base 2ª:

- a) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros, debidamente compulsados ou autenticado por ambos os dous lados.
- b) Fotocopia compulsada ou autenticada do título académico esixido e do permiso de conducir clase "B".
- c) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- d) Declaración responsable de non ter sido separados do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

Igualmente aportarase fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificación do número de conta bancaria cos 20 díxitos para o ingreso da nómina e demais datos que resulten precisos para a formalización do contrato (número de afiliación a seguridade social,..) o para o abono da nómina.

**11.2. Lugar de presentación.** Os devanditos documentos presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Burela ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os devanditos documentos que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado do Servizo de Correos.

No caso se presentarse a documentación a través da sede electrónica do Concello de Burela admitirase que se acredite mediante a achega de copia auténtica (cos requisitos e conforme ao establecido no artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de outubro), documento electrónico orixinal ou que conteña un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

**11.3. Prazo de presentación.** O prazo de presentación será de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da proposta de contratación na sede electrónica, prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

